



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO PEÓNS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A TRAVÉS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN (ORDE DE 29 DE FEBREIRO DE 2012).

1 - OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é a selección de catro peóns para a súa contratación laboral temporal a través de contratos de interese social polo Concello conforme á subvención concedida polo Xefe Territorial de A Coruña da Consellería de Traballo e Benestar segundo resolución ditada no expediente núm. TR351A 2012/128-1 para a realización do servizo denominado "PROTECCIÓN, MELLORA Y POSTA EN VALOR DE ESPAZOS E RECURSOS NATURAIS E CULTURAIS EN CAMARIÑAS E VIMIANZO", ao abeiro da orde de 29 de febreiro de 2012, pola que se regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2012.

As prazas a cubrir teñen as seguintes características:

- Tipo de contrato: **obra ou servizo de interese social.**
 - Número de prazas: **4**
 - Categoría: **peón**
- Xornada: **a tempo parcial (50%)**
- Duración: **4 meses**
- Salario bruto por todos os conceptos: **663,07 €/mes, incluído o prorrato correspondente ás pagas extraordinarias**



2 - CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES

Os participantes no proceso de selección poderán ser unicamente aqueles que se encontren incluídos na listaxe de candidatos remitida pola Oficina Pública de Emprego en relación coa oferta de emprego que realizará o Concello de Camariñas para cubrir ditas prazas.

Para poder tomar parte neste proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nos art. art. 56 e seguintes da Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, en adiante EBEP (BOE núm. 89, de 13 de abril de 2007) e aqueles establecidos pola Orde do 29 de febreiro de 2012, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2012, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos **programas de cooperación**, no ámbito de colaboración coas entidades locais, isto é:

- Ser español/a ou ter a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea, ou daqueles Estados que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, de conformidade coa Lei 17/1993, de 23 de decembro, na súa redacción dada pola Lei 55/1999, de 29 de decembro. Os estranxeiros que non pertenzan a algún dos Estados asinantes do Tratado da Unión Europea, deberán ter permiso de traballo cunha duración mínima de 132 meses, a titulación esixida para o posto ó que optan homologada polo Estado español e os coñecementos suficientes de lingua castelá e/ou galega.
- Ter cumplidos 16 anos de idade na data de remate de presentación de instancias e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou menoscabe o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo. A condición de minusvalía ou incapacidade e a súa compatibilidade co posto a ocupar acreditarase conforme a normativa vixente e referida ao dia de formalización do contrato mediante certificado médico oficial, no caso de ser seleccionado.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non ter traballado no marco previsto nesta orde, por un período superior a nove meses nos últimos tres anos, non poderán repetir a súa participación ata transcorridos tres anos contados desde o remate do último contrato subvencionado no dito marco.
- Estar desempregado e inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia e estar dispoñible para o emprego.

Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse cumplir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias e mantelos ata o momento da formalización dos contratos.

Coa presentación da solicitude a que se refire a base seguinte entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

3 – FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

O Concello formulará oferta xenérica de emprego ante a Oficina Pública de Emprego de Cee aos efectos de que pola mesma se remitirá ao Concello a listaxe de candidatos para cubrir as prazas.

Remitida pola Oficina Pública de Emprego a listaxe de candidatos, esta farase pública mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, e a efectos únicamente informativos na páxina web, **DISPOÑENDO AS PERSOAS INTERESADAS INCLUÍDAS NA MESMA ATA O DÍA 10 DE SETEMBRO DE 2012 (INCLUSIVE)**, para presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de participación que se presentará no modelo oficial que se achega como anexo ás presentes bases (anexo I).
- Fotocopia compulsada do DNI ou, se é o caso, pasaporte.
- Tarxeta de demandante de emprego.
- Currículo vitae.
- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Declaración xurada sobre a situación de desemprego e das responsabilidades familiares (anexo II).

En relación coa presentación de solicitudes, estarase ao disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

Os/as aspirantes quedan vencellados/as aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento, ben de oficio ou a instancia de parte.

No caso de que a documentación sexa presentada en rexistro distinto ao do propio Concello, os interesados deberán remitir por Fax xustificante da remisión da solicitude en tempo e forma, así como a copia do DNI.

Número Fax: 981 736319



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

4 - ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo de catro días declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos xunto coa composición nominal do tribunal cualificador, que será publicada no Taboleiro de anuncios do Concello, establecendo un prazo de dous días naturais, contado a partir do seguinte ao da publicación da resolución no Taboleiro de anuncios, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

A publicación de dita resolución será determinante para efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade coa lexislación vixente.

A lista provisional elevarase a definitiva transcorrido o prazo de reclamacións, senón as houbera. No suposto de que se produzcan reclamacións deberá ditarse nova resolución estimándoas ou desestimándoas. A resolución pola que se fixa definitivamente a lista de admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación dos membros do tribunal e o lugar, data e hora do comezo da fase do concurso.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos/as non prexulta que se lles recoñeza aos/as interesados/as a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/as aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

5 - TRIBUNAL CUALIFICADOR

De conformidade co artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público o Tribunal estará composto polos seguintes membros:

- Presidente: un dos funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo de maior capacidade dentro do Concello.
- Dous Vogais: funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo cunha titulación e especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada. Por cada titular convocarase un suplente.
- Secretario/a: que será o da corporación ou funcionario/a en quen delegue, e que actuará con voz pero sen voto.

Na súa composición tenderase a paridade entre homes e mulleres.

O tribunal non poderá estar constituído maioritariamente por funcionarios/as ou persoal laboral fixo da mesma subescala ou grupo de que se trate.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal serán de conformidade co artigo 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de, al menos, tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos nas presentes bases.

O Tribunal poderá acordar a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose estes a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

En todo caso existirá un coordinador/a quen auxiliará ao Tribunal nas tarefas instrumentais e de apoio administrativo durante o procedemento de selección.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Os Tribunais e persoal de apoio que actúan nestas probas selectivas terán a categoría e o dereito a percibir as contías correspondentes, de conformidade co establecido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

6 - SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección farase mediante a valoración dos méritos presentados polos/as aspirantes (fase de concurso) e a realización, no seu caso, dunha entrevista curricular.


6.1 - Fase de concurso: máximo 5 puntos.

Consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos que concorran en cada un dos/das aspirantes, a cuxos efectos anexarase á instancia cuntos documentos xustificativos estimen oportunos.

a) Pola posesión do carné de conducir clase B: 0,5 puntos.

b) Formación complementaria: máximo 2 puntos.

Por ter realizado cursos de formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, comunidade Autónoma e Administración Local, universidades, colexios oficiais, escolas de Administración Pública, Fundación Laboral de la Construcción, ou aqueles organizados por calquera empresa, entidade, asociación, sindicato... no marco do Acordo Nacional de Formación Continua:

- 
- De menos de 21 horas..... 0,05 puntos
 - De 21 a 50 horas 0,10 puntos
 - De 51 a 100 horas 0,20 puntos
 - De 101 a 250 horas 0,50 puntos
 - De más de 250 horas 0,80 puntos
 - Por posesión da tarxeta profesional da construcción..... 1 punto

Os certificados ou diplomas nos que non apareza o número de horas serán computados como de menos de 21 horas. No caso da tarxeta profesional da construcción acreditarase con copia compulsada da dita tarxeta ou certificación expedida pola Fundación Laboral de la Construcción na que se acredite que a tarxeta está en trámite de solicitude e se cumplen os requisitos para expedición dela.

c) Colectivos con especiais dificultade de inserción: máximo 2,5 puntos.

- a. Por ter consumido a totalidade das prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito: 1 punto.
- b. Por parado de longa duración:
 - i. Por estar inscrito como demandante de emprego por un período comprendido entre 6 e 12 meses: 0,5 puntos.
 - ii. Por estar inscrito como demandante de emprego por un período superior a 12 meses: 1 punto.
- c. Por pertencer a algúns dos seguintes colectivos con especiais dificultades de inserción laboral: mulleres, menores de 30 anos, persoas con discapacidade, maiores de 45 anos, integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia; e/ou por existencia da responsabilidade familiar de ter un/unha ou máis fillos/fillas menores de 16 anos: 0,5 puntos. Só se puntuará por pertencer a algunha destas situacións sen que os puntos sexan acumulables.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Ademais da declaración xurada do Anexo II, as circunstancias anteriores acreditaranse:

Colectivo	Acreditación
Pessoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito	Certificación expedida polo Servicio Público de Empleo Estatal (Prestacións) de non estar percibindo ningún tipo de prestación ou subsidio.
Parado de longa duración	Certificación de períodos de inscrición expedido polo Servizo Público de Emprego de Galicia
Mulleres, menores de 30 anos e maiores de 45 anos	Copia compulsada do DNI
Pessoas con discapacidade	Certificado de minusvalía dun 33% ou superior
Pessoas beneficiarias de RISGA	Xustificante de que se está a percibir na actualidade a RISGA
Responsabilidades familiares	Copia compulsada do libro de familia

6.2/- Entrevista: máximo 4 puntos.

Por parte do tribunal realizaranse preguntas relacionadas coas funcións propias do posto, currículo vitae, coñecemento do territorio e aquelas que permitan valorar a actitude da persoa aspirante.

7 - FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación dos/das aspirantes que obteñan a maior puntuación, quen resolverá a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos no Real Decreto 1/1995, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores.

8 – RECURSOS PROCEDENTES

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas nos casos e forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como segundo a lexislación reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

9 – LISTAXE DE RESERVA

Os/as aspirantes que non obteñan praza, poderán incluirse, de oficio, na lista que se confeccione para cubrir necesidades de emprego de carácter temporal que poidan xurdir na praza obxecto desta convocatoria, segundo a mesma orde de puntuación que obtivesen no proceso.

Esta lista, de confeccionarse, estará en vigor ata que remate o período de contratación subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar especificado no punto primeiro das presentes bases.

10 – PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o CONCELLO DE CAMARIÑAS, con sede na Praza de Insuela, núm. 57, 15123, CAMARIÑAS (A CORUÑA), onde poderá exercitarse en todo



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA


momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Camariñas, 27 de agosto de 2012
A ALCALDESA EN FUNCIÓN

Asdo.: Sandra Insua Rial





CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANEXO I
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO
PRAZAS DE PERSOAL LABORAL DE CARÁCTER TEMPORAL
PROGRAMA DE COOPERACIÓN 2012

DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

1º APELIDO:	2º APELIDO:	NOME:	
D.N.I./N.I.E./PASAPORTE Nº:		DATA DE NACIMENTO:	NACIONALIDADE:
ENDERECO:		C.P.:	LOCALIDADE: PROVINCIA:
ENDERECO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:		TELÉFONO 1:	TELÉFONO 2:

FUNDAMENTACIÓN DA SOLICITUDE

PEÓN – PROGRAMA DE COOPERACION 2012
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Á vista de estar incluído/a na oferta de emprego público para cubrir catro prazas de peón para a realización do servizo denominado "PROTECCIÓN, MELLORA Y POSTA EN VALOR DE ESPAZOS E RECURSOS NATURAIS E CULTURAIS EN CAMARIÑAS E VIMIANZO" (Expte.: TR351A 2012/128-1, Programa de Cooperación 2012, e DECLARANDO reunir todas e canda unha das condicións que se esixen na base segunda da convocatoria, e co coñecemento e expresa aceptación de tódolos termos da mesma,
SOLICITA: A incorporación ao proceso selectivo para acceder as prazas referenciadas de conformidade coas bases da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI OU, SE É O CASO, PASAPORTE
<input type="checkbox"/> TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA SOBRE A SITUACIÓN DE DESEMPREGO E DAS RESPONSABILIDADES FAMILIARES (ANEXO II)
<input checked="" type="checkbox"/> CURRÍCULO VITAE
<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS

DATA E SINATURA DO SOLICITANTE

En Camariñas, a ____ de _____ de 2012

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CAMARIÑAS



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANEXO II

D./Dna. con DNI e
domicilio en

DECLARO, baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que manifesto a continuación:


Que pertenzo ao colectivo:

- Persoa desempregada que esgotou as prestacións e subsidios por desemprego a que ten dereito.
- Parado de longa duración (de 6 a 12 meses).
- Parado de longa duración (de máis de 12 meses).
- Muller.
- Menor de 30 anos.
- Maior de 45 anos.
- Persoa con discapacidade.
- Persoa beneficiaria de RISGA.
- Persoa ca responsabilidade familiar de ter un/unha ou máis fillos/as menores de 16 anos.

Que non pertenzo a algúm dos colectivos arriba mencionados.

Camariñas, de de 2012.

DILIXENCIA: Que estendo eu, o secretario en funcións, para facer constar que as presentes bases que constan de nove folios, incluída a presente, foron aprobadas en virtude de Decreto da Alcaldía de data 28 de agosto de 2012.

O SECRETARIO EN FUNCIÓN,


Asdo.: Victorino Niñón Carril